



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 4 de agosto de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**2.- SUBVENCIÓN A FAVOR DE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO “FESTIVAL O MARISQUIÑO 2023”. EXPTE. 9708/335.**

Visto o informe xurídico do 28/07/2023 e o informe de fiscalización do 31/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 9708/335 sobre a proposta de subvención a favor da entidade Ulisesproject eventos especiales slu, para a organización do Festival O Marisquiño 2023, e atendendo á detección dun erro na identificación da aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto, procedeuse a eliminar as referencias á aplicación 3380.4700000 da proposta.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada.

**1.- ANTECEDENTES**

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 1 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con data 21/03/23 a entidade UlisesProyect achegou a solicitude de subvención a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 230072846).

Con data 23/03/23, o Concelleiro de Participación Cidadá e Festas resolveu o inicio da tramitación do expediente de subvención pola organización do Marisquiño 2023.

Con data 26-29/05/23, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do Marisquiño 2023, cuxo obxecto foi establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais, e que estableceu un financiamento por importe de 180.000,00€ por parte da Deputación de Pontevedra (Expte. 9683/335).

O crédito necesario consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3380.470.0001, no orzamento da Concellería de Festas do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de Vigo con carácter definitivo o 23 de decembro de 2022 ([https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica23\\_subvencions.php?lang=cas#/](https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica23_subvencions.php?lang=cas#/)).

O Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria celebrada o 09/06/23, aprobou de forma definitiva a modificación de crédito financiada co recurso financeiro RTLGG/2022 (Expte. 9705/335) nº 40/2023 por importe de 540.000,00€. A dita modificación, tal e como detalla a xefatura da Concellería de Festas no seu informe de data 27/03/23, foi motivada polo aumento dos gastos non previstos inicialmente que supón o traslado do Festival a unha nova ubicación (Entorno de Samil) en concepto de infraestruturas e produción, loxística e seguridade, ou o acondicionamento do novo espazo da Porta do sol para a batalla de Gallos, en conceptos de acondicionamento do espazo, novas infraestruturas e seguridade.

Con data 15/06/23, a xefa do servizo de festas e o Concelleiro de participación cidadá e festas asinaron a memoria xustificativa do interese municipal na tramitación dunha subvención a favor de Ulisesproyect eventos especiais SLU, pola organización do Marisquiño 2023.

Con data 03 de xullo de 2023 o Alcalde da cidade de Vigo resolveu, mediante Decreto, delegar na Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de emprego, fondos europeos, patrimonio, medio ambiente, educación, deportes e xuventude, en materia de deportes, a "Dirección e xestión do Marisquiño", polo que a partires dese momento é o Servizo de deportes o competente para continuar coa tramitación do expediente de subvención.

En relación co que vai dito, a entidade Ulisesproyect eventos especiais slu solicitou ó Concello de Vigo con data 21/03/2023 (implementada o 21/07/2023) unha subvención en relación á proposta de celebración na cidade de Vigo, no marco do programa de Festas de Vigo 2023, do Festival O Marisquiño, para o que conta coa exclusividade segundo se deriva da documentación obrante no expediente.

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e turístico, e unha ampla difusión en medios de comunicación. Xunto coa solicitude de subvención a entidade presentou a seguinte documentación:

Documento	Data	Trámite	Documento Xestión.
Anexos solicitude de subvención e orzamento definitivo e declarac. Responsable.	24.07.23	79	230220513
Orzamento desglosado por conceptos asinado	26.07.23	87	230221439



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 2 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

Memoria-proxecto definitivo	26.07.23	87	230221439
Certificados de ausencia de débedas con AEAT, ATRIGA, S.S.	21.03.23	4	230072846
Certificados de ausencia de débedas co Concello	30.03.23	12	--
Declaración responsable exclusividade	05.05.23	18	--
DNI Administrador	21.07.23	73	230220188
CIF	21.07.23	76	230220193
Certificación conta bancaria	21.07.23	76	230220193
Certificación exclusividade organizacións internacionais	21.07.23	76	230220193
Copia Escritura nomeamento Administrador único	21.07.23	73	230220188
Convenio coa Deputación de Pontevedra cofinanciamento	15.06.23	24	--
Copia acordo xgl Concello Convenio Deputación Pontevedra cofinanciamento	15.06.23	25	--
Copia acordo xgl Diput. Convenio Deputación Pontevedra cofinanciamento	15.06.23	26	--
Informe Preliminar xefe servizo deportes.	19.07.23	59	--
Requirimento información a concellería festas	19.07.23	60	--
Informe sobre doc. Xefa servizo de contratación	21.07.23	75	230218337

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 1.492.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O obxectivo deste tipo de proxectos de subvencións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de subvención fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa "O Marisquiño", de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos cun gran éxito organizativo e de aceptación cidadán que conta cunha grande afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 3 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das Festas de Verán 2023, que se desenvolve entre os meses de xuño e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural e deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

Nos seus 22 anos de historia, o Marisquiño posicionouse como un Festival de cultura urbana e deportes de referencia a nivel internacional. O Festival centra a súa acción ao redor da cultura e o deporte, a públicos diversos en idade, con mais de 10 competicións de alto nivel, concertos, actividades culturais e educativas, en espazos ao aire libre.

Na derradeira edición acreditouse unha asistencia por encima das 180.000 persoas nos tres días de festival, cunha audiencia global de millóns de persoas de mais de 30 países, o que converte ó festival nun referente non só deportivo, senón turístico.

O Festival, así mesmo, prevé a participación de entre 1.300 e 1.500 riders do mais alto nivel competitivo e talla mundial, provenientes de países como Estados Unidos, Francia, Portugal, Venezuela, Colombia, Alemania, Nueva Zelanda, Xapón, e gran parte dos países europeos.

O Festival contará coa celebración de tres probas do calendario Internacional, como son la World Cup Skateboarding (Skate), a competición de Basket 3x3 (integrado no calendario FIBA) e o Dirt Jump (integrado na World Tour da FMB mundial categoría Oro).

Ademáis o Break dance, que será olímpico nos xogos de París 2024, incrementa o interese no campionato desta modalidade na cidade.

Xunto coas competicións deportivas, o festival desenvolve unha serie de actividades que xiran en torno á cultura urbana, o arte urbano e a música.

O Marisquiño inclúe entre as súas actividades unha programación musical, que reunirá a 4.000 persoas cada noite ao redor de actuacións musicais centradas nos estilos urbanos, pop, trap, electrónica....

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando, como valor promocional engadido, con máis de 75.000 usuarios únicos na web do festival, máis de 8.000 seguidores en Twitter, con 500K impresións e 40K interaccións, 2.000 seguidores en youtube, con máis de 600 horas de visualizacións, máis de 40.000 seguidores en facebook, cun alcance de 750K, 60K interaccións e 300K reproducións, 40.000 seguidores en instagram, con 111K visitas ao perfil, 3.5M de impresións e 85K interaccións, 1.3M de reproducións e mais de 190 stories publicadas, 8.500 seguidores en tiktok con mais de 250K Likes e mais de 3,3M de reproducións.

Estes datos reforzan de forma absoluta a relevancia do festival a nivel internacional, cuns datos de audiencia e interese extraordinarios.

## 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 4 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

Primeiro:- A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo-cultural considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo e a celebración de grandes eventos de talla internacional.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e se atopa detallada no orzamento da Concellería de Festas do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de forma definitiva o 23 de decembro de 2022 (E unha modificación orzamentaria aprobada polo Pleno do Concello de Vigo con data 09/06/23-Expte 9705-335), o que xustifica que se conceda directamente. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 5 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Proponse que ata o 50% do importe total da subvención proposta poda ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Segundo.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g da LBRL).

### 3.- PROPOSTA DE ACORDO:

En virtude do exposto, fórmulase a seguinte proposta de acordo, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización pola intervención do Concello de Vigo.

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta de concesión dunha subvención a favor de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, CIF nº B-36.957.132 para o desenvolvemento do do Festival "O Marisquiño 2023", de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 1.140.000,00€. a favor da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, segundo resulta da documentación do expediente nº 9708-335. Este crédito é con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 do orzamento en vigor da Concellería de Festas.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO**

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO 2023"**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 6 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona ELENA ESPINOSA MANGANA, na súa calidade de Concelleira-Delegada da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude dos decretos da Alcaldía de 20 e 28 de xuño e 3 de xullo de 2023.

Doutra, don CARLOS DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, como propietario único da sociedade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente nº 9708-335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.- Que a marca “O Marisquiño” se atopa rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas a nome de D. Carlos Domínguez Fernández.

II.- A entidade Ulisesproyect Eventos especiales SLU, empresa da que é propietario único D. Carlos Domínguez Fernández, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño” (segundo as súas propias manifestacións) e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

III.- Esta entidade vén organizando nos últimos anos o festival “O Marisquiño”, na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos nos Anexos deste Convenio.

IV.- A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

V.- O Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das Festas de Verán 2023, que se desenvolve entre os meses de xuño e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

VI.- Que con data 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023” (expediente 9683/335). Con data 19 de maio de 2023 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o mesmo texto do convenio co obxecto de coadjuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” importe de 180.000,00 euros.

O texto do antedito convenio foi asinado con data 26 de maio (*achéganse ao expediente copias dos respectivos acordos e mais do texto do convenio asinado*).

VII.- Que estableceuse que a execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao servizo de Deportes, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución do correspondente evento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 7 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**VIII.-** Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 1.140.000,00 (un millón cento corenta mil) euros, para a organización de o festival “O Marisquiño 2023”.

**IX.** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**X.-** Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3380.470.0001 que prevé a concesión dunha subvención directa por importe de 1.140.000,00 (un millón cento corenta mil) euros, para convenio “O Marisquiño”, xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que Ulisesproyect Eventos especiais SLU ostenta os dereitos de uso da marca “O MARISQUIÑO”.

**XI.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

**XII.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**XIII.-** Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**XIV.-** Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9708/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.-** Ulisesproyect Eventos Especiales SLU organizará o festival “O Marisquiño 2023”, que terá lugar no centro da cidade os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar as actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo I deste expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 8 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar adecuada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia deseñado para o evento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Incluir a celebración do festival “O Marisquiño 2023” dentro da programación das Festas de verán 2023 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2023 por importe de 1.140.000,00 euros, co obxecto de coadruar ao financiamento da programación, organización e execución da edición do festival “O Marisquiño 2023”. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 9 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 7930 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Oitavo.-** A beneficiaria terá de prazo ata o 1 de novembro para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 10 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 11 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A Concelleira Delegada da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 12 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 13:03	Páxina 13 de 13
SUBVENCIONS	CSV: ACAH46-E94942-25D93A-1J52ZW-BP6FLR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		